PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 10:44
Nº Rexistro: 5495



Data envío: 22/02/2017 10:44:38.356



 Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 22/02/2017 10:41:51

Julio Torrado Quintela na data 22/02/2017 10:41:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/02/2017 10:42:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 8160 (10/PNP-000756)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do aumento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia e a súa dotación cun maior número de recursos, así como á Fiscalía Xeral do Estado da creación dunha fiscalía anticorrupción exclusiva para Galicia

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A corrupción representa un problema de primeira orde para a sociedade galega. Casos tan coñecidos como a Pokemon, Campeón, Qátedra, Condor, Zeta, Baltar... son só a punta de toda unha trama corrupta que a día de hoxe segue moi presente en Galicia.

A preocupación entre os galegos e galegas por este tema queda reflexada na última enquisa do CIS, onde a corrupción xa é o segundo problema principal para a nosa sociedade. Cada día vemos nos medios de comunicación novos casos de corrupción, novos políticos e empresarios imputados, o que xera unha importante alarma social.

Dende o grupo parlamentar de En Marea consideramos que débense crear e fomentar todas as opcións posibles que sirvan para atallar e eliminar esta problemática, polo tanto facémonos eco dunha vella reivindicación como é a creación dunha fiscalía anticorrupción para Galicia, tal e como xa teñen outras Comunidades Autónomas do Estado español como a Rexión de Murcia, a Comunidade Valenciana, Andalucía, Canarias ou Andalucía.

As recentes declaracións do fiscal e presidente da Unión Progresista de Fiscais, Álvaro Ortiz ou do Fiscal Superior de Xustiza de Galicia Fernando Suanes,



pedindo a creación da fiscalía anticorrupción propia para Galicia, son o reflexo máis claro de que unha figura como esta, presentase como algo indispensable para erradicar esta lacra que asola a nosa comunidade.

A finais de marzo deste ano, o propio Fiscal Xeral do Estado, José Manuel Maza, asegurou durante a inauguración da nova sede xudicial da Coruña, que el tiña unha opinión favorable a abrir unha fiscalía anticorrupción propia para Galicia, considerando ademais que sería algo moi aconsellable para a nosa Comunidade.

Estas palabras, pronunciadas polo señor Maza, a persoa competente para impulsar unha fiscalía anticorrupción galega poñen de manifesto que dentro do mundo da xudicatura existe un clamor para que esta figura sexa por fin unha realidade para a nosa terra.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Ministerio de Xustiza a que aumente e dote con maior número de recursos a planta do Ministerio Fiscal en Galicia.
2. Instar á Fiscalía Xeral do Estado para a creación dunha Fiscalía Anticorrupción delegada exclusiva para Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira S. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 21/04/2017 12:37:55

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 8813 (10/PNP-000837)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo da viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As contas de AUDASA, correspondentes aos exercicios 2015 e 2016, son moi elocuentes.

O proceso privatizador, levado a cabo polo Goberno Popular de Aznar, aseguroulle a unha empresa privada un negocio suculento, seguro e blindado por moitísimos anos.

Deste xeito tamén se hipoteca o futuro dos usuarios desa infraestrutura ate o ano 2048, de maneira que se pagan unhas das peaxes máis caras do Estado nunha infraestrutura que non ten alternativa e que conecta o litoral galego de norte a sur enlazando as cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo, ademais de vilas e zonas moi poboadas.

A taxa de beneficio (BAI/ingresos por peaxe), foi no 2015 do 46,48%, no 2016 foi do 43,3%. Un auténtico choio de beneficios, o que determina que no 2015 e 2016 a terceira parte dos dividendos repartidos polas concesionarias no total do Estado corresponden a Audasa.



No ano 2015, por exemplo, 132 millóns de euros en peaxes e 44, 6 millóns de euros de beneficio neto, e agora cun panorama alentador para a empresa de recuperación dos tráfico perdidos durante a chamada crise e axudados polo feito de que Audasa subirá as peaxes polo menos un 1 % durante os próximos 20 anos para pagar as obras de ampliación de Rande e a circunvalación de Santiago.

No 2016 as peaxes cobradas foron 138 millóns e os beneficios, despois de impostos, 45 millóns.

Ausada é a concesionaria do Estado con menor número de empregados por km de autopista (0,37 fronte á media de 1,05) e, pola contra, é a concesionaria do Estado co maior número de reclamacións dos usuarios.

Ante estas cifras é necesario valorar o rescate para o público como opción máis vantaxosa.

Ante a situación desa infraestrutura tan importante para Galiza, estraña que non exista un estudo do Goberno galego sobre as posibilidades dese rescate cuantificando o custe e a viabilidade financeira.

Hai indicios suficientes para pensar que, a pesares de que a privatización do 2005 lle deixou unha posición enormemente vantaxosa á empresa concesionaria, hai marxe para plantexar un rescate da AP-9 que sexa beneficioso para a cidadanía galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2017 12:38
Nº Rexistro: 8813
Data envío: 09/05/2017 12:38:08.308



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que no prazo de 3 meses se elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custe económico, o valor económico do rescate por parte da Xunta de Galicia, un estudo de viabilidade, o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/05/2017 12:36:16

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 9300(10/PNP-000868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central para mellorar o sistema público de pensións

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9300
Data envío: 18/05/2017 18:09:53.569

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a adoptar para mellorar o sistema público de pensións.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai anos veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicos.

Desde o comezo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central que utilizan os "comités de sabios", sempre formados por representantes da banca e as aseguradoras, é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta

progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións públicas.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do iva, da auga, da luz, dos carburantes...

Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do limiar da pobreza.

Mentres lle teñen metido aos bancos miles de millóns de euros e teñen declarado amnistías fiscais para @s defraudador@s, actúan coa maior das durezas, das crueldades contra @s que cometeron o único delito de traballar duramente toda unha vida.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9300
Data envío: 18/05/2017 18:09:53.569

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos a derrocar da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron nesa liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais.

Polo que respecta ao sistema público de pensións, atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo límites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade de acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9300
Data envío: 18/05/2017 18:09:53.569

O capital, o poder económico, aproveita o vento a favor e a escusa da crise para eliminar dereitos e melloras nas condicións laborais e sociais, incrementar os seus beneficios e o seu poder e debilitar á clase traballadora.

Por todas as razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español esixindo:

Que de maneira inmediata proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Así como de todas as demais normativas que as desenvolven.

A aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9300
Data envío: 18/05/2017 18:09:53.569

favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital:

- Recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.
- Establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de dez anos da súa vida laboral.
- Establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao SMI.
- Eliminarse as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.”

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9300
Data envío: 18/05/2017 18:09:53.569

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/05/2017 17:58:50

Noa Presas Bergantiños na data 18/05/2017 17:58:56

Olalla Rodil Fernández na data 18/05/2017 17:59:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/05/2017 17:59:15

Xosé Luis Bará Torres na data 18/05/2017 17:59:20

Ana Pontón Mondelo na data 18/05/2017 17:59:25

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.06.2017

Hora: 10:00

Orde do día

4.5 9533 (10/PNP-000891)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 15 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e a solicitude á Delegación do Goberno e á Fiscalía do asinamento entremetres dun acordo bilateral ao respecto, así como a actuación que debe levar a cabo naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social (Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 120,
31.05.2017*

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Jaime Castiñeira Broz, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Aurelio Núñez Centeno, Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís, Moisés Blanco Paradelo, Martín Fernández Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Nos últimos tempos asistimos a un incremento de problemas relacionados coa usurpación de vivendas, por unha banda os que sofren as persoas que se ven privadas ilegalmente do disfrute da súa propiedade privada e por outra as persoas que residen nos inmobles onde se producen ocupacións ilegais de vivendas converténdose en vítimas indirectas do feito delictivo.

Actualmente o noso ordenamento xurídico non está suficientemente adaptado para dar respaldo xurídico tanto á actuación das Forzas e Corpos de Seguridade como aos Tribunais de Xustiza para facer fronte á problemática da ocupación ilegal de vivendas nas súas diferentes formas e modalidades, que afecta hoxe en día a un sector crecente da sociedade, que crea evidentes prexuízos e limita e vulnera o pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos.

Estes feitos delictivos provocan que o propietario do inmoble ocupado teña que iniciar un longo e penoso procedemento xudicial para recuperar a posesión da vivenda e o desaloxo dos ocupantes que, como moito serán condenados a unha multa que, na

maioría dos casos, nin se fai efectiva; o que xera na cidadanía unha sensación de impotencia ante estas condutas cando quedan impunes.

Hai que poñer tamén de manifesto a problemática dos veciños dos inmobles ocupados, que residen legalmente nos mesmos edificios de vivendas ocupadas, e que viven en moitos casos situacións insostibles debido ao clima existente nas comunidades.

Estes veciños e veciñas soportan a cotío actos vandálicos e comportamentos incívicos de moitos ocupantes, polo que requiren a intervención dos Corpos e Forzas de Seguridade que, no actual marco lexislativo, non poden realizar intervención algunha salvo nos casos de flagrante delito.

Estas ocupacións están sendo realizadas fundamentalmente por mafias ou bandas organizadas que converten a ocupación nun negocio xa que esixen diñeiro a cambio de desaloxar a vivenda ocupada ilegalmente.

Algunha Comunidade Autónoma como a de Madrid, ten promovido un acordo bilateral coa Delegación do Goberno e a Fiscalía para que os delitos relacionados coa ocupación sexan tratados en xuízos rápidos ademais doutros compromisos como a identificación dos edificios usurpados, promover a pronta denuncia por parte dos propietarios e a petición de medidas cautelares por parte da Fiscalía para obter o desaloxo inmediato dos ocupantes.

Neste sentido, a Fiscalía xa ten manifestado que é posible a adopción de medidas cautelares ao amparo do artigo 13, 544 bis e *ter da Lecrim* que restitúan o inmoble ao seu lexítimo titular, dado que a privación do exercicio do dereito de propiedade ao seu titular prolóngase no tempo ata que é ditada unha sentenza condenatoria ao usurpador.

Agora ben, obsérvase na práctica dos Xulgados unha diversidade de criterios á hora de adoptar estas medidas cautelares, polo que hai que valorar a posibilidade de promover unha reforma lexislativa que permita de forma expresa a adopción de esta medida cautelar restituíndo o inmoble ao seu lexítimo titular.

Nesa mesma liña, o *Defensor del Pueblo* nunha recente *Recomendación*, do 20-04-2017 diríxese ao Ministerio de Justicia para “prever los cauces adecuados para la adopción de medidas de carácter cautelar que sustituyan al titular del inmueble la posesión y disfrute urgente del mismo, mediante la tramitación de un procedimiento judicial rápido”

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dirixirse ao goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. Sinaladamente:
 - a) A modificación do artigo 245 do Código Penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.
 - b) A previsión dun procedemento ou xuízo rápido ou inmediato que axilice o tempo dos litixios derivados da ocupación ilegal de inmobles.
 - c) As modificacións lexislativas tendentes a reforzar e posibilitar a adopción de medidas tendentes ao desaloxo de inmobles dende o primeiro momento de apreciación de indicios de infracción penal.

- 2.- Dirixirse á Delegación do Goberno e á Fiscalía a fin de que, en tanto non se produzan as modificacións lexislativas propostas no punto 1, asinen un acordo bilateral para que os delitos relacionados coa ocupación de vivendas sexan tratados en xuízos rápidos e que incorpore ademais os compromisos de identificación dos edificios usurpados, promover a pronta denuncia por parte dos propietarios e a petición de medidas cautelares por parte da Fiscalía para obter o desaloxo inmediato dos ocupantes.

- 3.- Naqueles casos nos que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, arbitrar en colaboración cos concellos as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia”.

Santiago de Compostela 26 de maio de 2017.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2017 12:11
Nº Rexistro: 9533
Data envío: 26/05/2017 12:11:06.190**

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/05/2017 12:02:55

Paula Prado Del Río na data 26/05/2017 12:03:05

Jaime Castiñeira Broz na data 26/05/2017 12:03:19

Alberto Pazos Couñago na data 26/05/2017 12:03:28

César Manuel Fernández Gil na data 26/05/2017 12:03:43

Jacobo Moreira Ferro na data 26/05/2017 12:03:46

María Isabel Novo Fariña na data 26/05/2017 12:04:04

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 26/05/2017 12:04:16

María Julia Rodríguez Barreira na data 26/05/2017 12:04:25

Raquel Arias Rodríguez na data 26/05/2017 12:04:37

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/05/2017 12:04:46

Moisés Blanco Paradelo na data 26/05/2017 12:04:53

Martín Fernández Prado na data 26/05/2017 12:05:00

Antonio Mouriño Villar na data 26/05/2017 12:05:13

Marta Novoa Iglesias na data 26/05/2017 12:05:22

Gonzalo Trenor López na data 26/05/2017 12:05:34

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 26/05/2017 12:05:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 9566 (10/PNP-000894)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 11:09
Nº Rexistro: 9566
Data envío: 29/05/2017 11:09:05.604

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao desenvolvemento polo goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías.

A UE incluíu na Rede TransEuropea de Transportes (RTE-T) o Corredor Ferroviario Atlántico que conecta Aveiro e Porto con Estrasburgo. Esta infraestrutura de vital importancia para o transporte de mercadorías -que pasa por Medina del Campo, Miranda de Ebro e Bilbao- deixa fóra a Galiza. Isto supón que a nosa comunidade quedará excluída dos plans de investimento europeos para a modernización do transporte de mercadorías.

Actualmente, o tren só apta o 1% do transporte de mercadorías cara ao exterior. Esta situación ten moito que ver co mal estado da infraestrutura, a falta de electrificación das liñas e a carencia de conexión cos portos. A situación de Galiza contrasta coa doutros territorios que veñen de conseguir importantes investimentos para a mellora da conexión ferroviaria: é o caso do porto de Bilbao, co acordo para investir 381 millóns de euros para conectalo co Corredor Atlántico.

A saída de mercadorías por ferrocarril pasa pola integración de Galiza no Corredor Atlántico mediante a creación do Corredor Noroeste e a súa inclusión na



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 11:09
Nº Rexistro: 9566
Data envío: 29/05/2017 11:09:05.604

Rede TransEuropea de Transportes. Tendo en conta que a EU ten previsto revisar em 2018 a citada Rede, cómpre unha acción coordinada e conxunta de axentes institucionais, políticos empresariais e sociais para que Galiza non fiquede de novo excluída.

Por outra parte, a integración de Galiza no corredor ferroviario atlántico debe complementarse coa mellora da conexión con Porto e Lisboa mediante a potenciación do transporte de mercadorías polo eixo atlántico que une Ferrol a Lisboa e Sines. Para facer realidade este proxecto cómpre mellorar a conexión e a rede ferroviaria entre Vigo e a fronteira portuguesa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a desenvolver unha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías demandando do goberno español o impulso das seguintes medidas

1. Solicitar á UE a integración do corredor ferroviario noroeste no Corredor Atlántico previsto na Rede Transeuropea de Transportes, para favorecer a saída das mercadorías por ferrocarril desde Galiza para Europa.

2. A mellora e modernización da rede ferroviaria interna mediante a conexión cos portos e a electrificación das vías que carecen desta innovación, co obxecto de facer máis competitivo o transporte de mercadorías por ferrocarril.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 11:09
Nº Rexistro: 9566
Data envío: 29/05/2017 11:09:05.604

3. A potenciación do uso do ferrocarril para o transporte de mercadorías ao longo do eixo atlántico entre Ferrol e Lisboa. Para avanzar neste obxectivo, no horizonte do ano 2020, promoverase a mellora da liña entre Ferrol e Coruña e a construción da saída sur de Vigo cara ao Miño e a fronteira portuguesa.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2017 11:02:21

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2017 11:02:26

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2017 11:02:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 11:09
Nº Rexistro: 9566
Data envío: 29/05/2017 11:09:05.604

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2017 11:02:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2017 11:02:37

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2017 11:02:39

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 9836 (10/PNP-000917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros "Sikorsky S-76 C+", coñecidos como "Pesca I" e "Pesca II", polos "Dauphin 365" que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No ano 2005, o Sr. Enrique López Veiga, naquel momento conselleiro do Mar mercou por uns 27 millóns de euros dous Sikorsky S-76 C+, os coñecidos como Pesca 1 e Pesca 2, naquel momento segundo a Consellería, eran os helicópteros que mellor se adaptaban ás costas galegas.

Como a Xunta non tiña persoal propio, tal como rescatadores, mecánicos, pilotos... subcontratou con INAER, actualmente BABCOCK ESPAÑA, ese persoal. Con un custe aproximado duns 2 millóns de euros. De modo que os dous Douphin 365, que había naquel momento, foron substituídos.

No ano 2012, a Xunta, xusto antes de levar a cabo a *overhaul* necesaria, decidiu malvender os dous Douphin 365 por case 12 millóns de euros. Esta xestión foi duramente criticada polo Consello de Contas. O comprador foi INAER, empresa coa que posteriormente se estableceu un contrato de 5 anos para operar os Sikorsky S-76 C+, con un custe anual de case 9 millóns de euros. Naquel momento a Xunta defendeu que o custe se reducía nos 13 millóns que se recibían pola entrega das aeronaves. Aínda así supoñía case os 7 millóns de euros.

Agora, no ano 2017, a piques de vencer o contrato con INAER, todo apunta a que os dous Sikorsky S-76 C+ serán substituídos por dous Douphin 365, precisamente aqueles que xa pertencían á Xunta no ano 2005. De feito, un dos Douphin 365 xa está en Viveiro. E todo apunta a que ocorrerá o mesmo co que está en Vigo.

Deste xeito atoparémonos coa seguinte cuestión: a Xunta está disposta a desembolsar, se o concurso vai adiante, uns 7 millóns de euros anuais polos Dauphin 365, que xubilou naquel momento, xa que non eran, segundo a Consellería, os que máis se adaptaban ás costas galegas?



Grupo Parlamentario

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que realice as xestións necesarias para que os Sikorsky S-76 C+ non sexan substituídos polo Dauphin 365.

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 31/05/2017 19:06:55

Julio Torrado Quintela na data 31/05/2017 19:07:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/05/2017 19:07:19

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 9862(10/PNP-000920)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal ao corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo Conectar Europa que se vai realizar no ano 2018

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 9862
Data envío: 01/06/2017 16:30:37,064

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 en concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia conta con cinco portos de interese xeral dunha enorme transcendencia socioeconómica no noroeste español como punto de saída e chegada de mercadorías.

A posición estratéxica deses cinco portos e a súa proximidade ao corredor de transporte marítimo do Atlántico, unha das rutas de maior actividade no tráfico de buques do mundo, faille ter aínda unha maior transcendencia xeoestratéxica e xerar un amplo abanico de oportunidades. Oportunidades que acaban de verse incrementadas co novo paso a través do Canal de Panamá.

Para aproveitar estas potencialidades, Puertos del Estado e as distintas Autoridades Portuarias que as xestionan, foron mellorando súas instalacións con importantes investimentos, en especial as das súas dársenas exteriores. Tamén o Goberno Galego foi planificando e está a desenvolver e consolidar as Plataformas Loxísticas de Salvaterra-As Neves e o Porto Seco de Monforte.

Toda esta infraestrutura necesita, para a súa total operatividade, dunha boa conexión ferroviaria para mercadorías coas grandes redes europeas de transportes por ferrocarril.

Habida conta que a Unión Europea se atopa nun proceso de revisión do Regulamento do Mecanismo “Conectar Europa” (1316/2013) abrindo a posibilidade de propoñer modificacións na configuración dos corredores da rede básica europea, o Grupo Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que realice as xestións oportunas ante a Unión Europea para que, na revisión do Regulamento do mecanismo “Conectar Europa” que se realizará no ano 2018, Galicia, as Comunidades do norte de España e a Rexión Norte de Portugal queden conectadas ao Corredor Atlántico, configurando unha verdadeira rede de mercadorías por ferrocarril que desde a fachada atlántica da península comunique co resto de Europa”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 9862
Data envío: 01/06/2017 16:30:37.064**

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/06/2017 16:26:21

Martín Fernández Prado na data 01/06/2017 16:26:34

Jaime Castiñeira Broz na data 01/06/2017 16:26:44

Antonio Mouriño Villar na data 01/06/2017 16:26:51

Marta Novoa Iglesias na data 01/06/2017 16:26:59

María Julia Rodríguez Barreira na data 01/06/2017 16:27:08

Gonzalo Trenor López na data 01/06/2017 16:27:19

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 01/06/2017 16:27:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 7198 (10/INT-000298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co
financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernandez Leiceaga, Abel Losada Álvarez e Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

O Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) foi un elemento central da política rexional, cando menos, desde 1990. A partir da reforma de 1990, o FCI configúrase como un mecanismo de promoción do desenvolvemento económico das rexións españolas atrasadas, en cumprimento das previsións constitucionais.

En 2001 créanse dous subfondos, o de Compensación e o Complementario, que, dotado dun terzo dos recursos totais, pode financiar gasto corrente asociado a proxectos de investimentos recentes. En Galicia o FCI tivo unha grande importancia. Achegou anualmente á Comunidade Autónoma de Galicia unha media de 194 millóns de euros, a valores de 2011, no período 1990-2013. Certo que despois de acadar un máximo nos primeiros anos noventa, cae durante algo máis dunha década, cun mínimo relativo en 2002, recupérase durante os anos de expansión e precipítase de novo nos últimos catro anos. En 2013 o FCI apenas representaba unha cuarta parte do valor inicial.

Estamos vivindo xa o inicio dunha nova fase na que os instrumentos internos de política rexional gañarán relevancia por varios motivos:

- Porque o estancamento da economía española afectará ao proceso de converxencia rexional debilitándoo.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Porque as normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira así como a necesidade de continuar cos procesos de consolidación fiscal no ámbito autonómico reducirán notablemente os fondos de préstamos con destino a gastos de capital das comunidades.

- Os fondos europeos de desenvolvemento con destino a Galicia caerán sensiblemente no próximo período de programación, ao ser rexión phasing out.

O FCI deberá xogar, pois, un papel máis destacado que nas últimas décadas, no conxunto de España e en Galicia, para que os compromisos constitucionais de equilibrio territorial podan cumprirse. O elevado nivel competencial acadado responsabiliza fortemente ás autonomías do que sucede no seu territorio. O equilibrio, xusto e adecuado, en moitas áreas de gasto, dependerá da capacidade das comunidades autónomas para alimentar unha formación de capital de certa intensidade. Contar con instrumentos solidarios para o desenvolvemento é unha necesidade. Temos que ter en conta que o deterioro do FCI careceu de importancia ata o momento pola potencia dos fondos europeos. Pero non será así no futuro.

O método de asignación dos recursos do FCI ás comunidades beneficiarias non variou apenas desde 1990.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Interpelación.

1.^a) Considera o Goberno Galego que o FCI está a cumprir todos os obxectivos para o que foi creado?

2.^a) Cre o Goberno Galego necesario dar un impulso á converxencia interrexional de xeito que as comunidades autónomas conten con máis fondos?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:34
Nº Rexistro: 7198
Data envío: 29/03/2017 12:34:48.406



 Grupo Parlamentario

3.^a) Que opinión ten o Goberno Galego ao respecto da posibilidade de que o FCI tivese carácter plurianual?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/03/2017 12:24:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/03/2017 12:24:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/03/2017 12:24:23

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 9360 (10/INT-000398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Coa chegada do verán, dende hai anos o Sergas tende a planificar “á baixa” a asistencia sanitaria considerando menor nivel cuantitativo do servizo, o que se amosa en termos de camas dispoñibles e en número de traballadores/traballadoras nos centros sanitarios, especialmente nos hospitais.

A rede de hospitais de Galicia ten algo máis de 7.000 camas en total. Habitualmente os centros hospitalarios galegos perden o uso de máis de 1.000 camas entre xuño e setembro. Profesionais do sistema sanitario estimaron en 1.200 as que foron pechadas no ano 2016 (*Enfermeros denuncian el cierre de 1.200 camas hospitalarias en verano en Galicia; 12.07.2016 La Opinión; Los hospitales gallegos tendrán 1.200 camas menos este verano; 30.05.2016 Cadena Ser*).

Tamén a cantidade de persoal traballando no Sergas chegada a época do verán é notoriamente menor que no resto do ano. A correlación habitual establécese co peche de camas, de forma que se reduce o servizo coa argumentación de que hai menos pacientes, conquerindo como gran vantaxe que o investimento en sanidade é menor. O verán é, naturalmente, o período de vacacións dos e das profesionais, e a contratación eventual supón a ferramenta que sería necesaria para cubrir as baixas producidas por estas vacacións. A propia Consellería de Sanidade ten estimado nun 20 % o volume de contratación temporal dentro do propio Sergas durante o global do ano, non entanto os sindicatos teñen apuntado a volumes maiores, sendo difícil coñecer a realidade concreta debido á opacidade dos datos oficiais. En verán, estes porcentaxes elévanse polas substitucións, pero non son cubertas todas as necesidades.



O verán supón, en definitiva, unha época de debilidade para o sistema sanitario público de Galicia, no que a planificación trata de provocar menores ingresos hospitalarios para ter menores demandas asistenciais e, por tanto, menor necesidade de recursos persoais e materiais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Pode garantir o Goberno galego que a atención sanitaria en Galicia está durante o verán ao mesmo nivel que o resto do ano?
2. Cantas camas estarán sen uso habitual durante o período de verán segundo a previsión da Xunta de Galicia?
3. Cal é o volume medio de ocupación de camas no conxunto de centros hospitalarios de Galicia durante todo o ano? E durante a época de verán?
4. Que volume de persoal se contratará no Sergas para cubrir, durante o verán, as substitucións dos e das profesionais que collen as súas vacacións?
5. Pode garantir a Xunta de Galicia que existe o mesmo número de profesionais sanitarios en servizo durante o verán que durante o resto do ano?
6. En base a que criterios e/ou informacións se planifica e documenta a dotación de recursos (especialmente persoal e camas) no verán para o Sergas? Existe documento desa planificación?
7. Como valora o Goberno galego as reclamacións e reivindicacións dos profesionais solicitando o non peche de camas e a redución de persoal nos centros hospitalarios durante o verán?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 13:10
Nº Rexistro: 9360
Data envío: 22/05/2017 13:10:45.714



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/05/2017 12:59:00

Noela Blanco Rodríguez na data 22/05/2017 12:59:06

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

- 5.3 9766 (10/INT-000416)
- Grupo Parlamentario de En Marea
- Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón
- Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego
- Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017*

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) que publica o Instituto Nacional de Estadística (INE), referida ao primeiro trimestre de 2017, permite realizar un balance da evolución do mercado de traballo en Galicia nas dúas últimas lexislaturas.

Para evitar as distorsións que a elevada estacionalidade que ten o ciclo económico e o emprego en Galicia hai que comparar trimestres similares. Neste caso, o primeiro trimestre de 2017, o último dispoñible, co mesmo trimestre de 2009, que reflicte a situación do mercado de traballo que se atopou o goberno que gañou as eleccións de marzo de 2009.

A comparación entre ambas datas demostra que a evolución das variables do mercado de traballo ao longo destes 8 anos foi a peor en todos os casos, isto é, no volume de emprego, no desemprego, na calidade do emprego, na poboación activa ou calque outra variable relevante.

Aínda máis, unha análise comparada dos datos de Galicia coa media do Estado demostra que a evolución do mercado de traballo no noso país é moito peor que a media: perdemos máis emprego, aumentou máis o desemprego ou a poboación activa reduciuse máis.

Unha situación comparada que presenta un balance é aínda peor cando os termos da comparación trasladase ao resto das comunidades autónomas que compoñen o Estado español, porque se demostra que a evolución do mercado de traballo



no noso país é o peor das 17 CCAA: somos a que máis emprego perde, a segunda na que máis aumenta o paro, a que máis poboación activa perde.

Polo anterior preséntase a seguinte Interpelación:

1. Como pode explicar a Xunta de Galicia que despois de oito anos no goberno haxa 136.700 empregos menos que cando empezou a gobernar, que despois de tres anos de crecemento do PIB teñamos un nivel de emprego moi inferior o que tiñamos en 2009, no máis duro da gran recesión?
2. Como pode explicar a Xunta de Galicia que logo de tres anos diso que o discurso do poder chama recuperación o numero de persoas sen traballo teña aumentado en 57.000 nos últimos oito anos?
3. Como pode explicar a Xunta de Galicia que a poboación activa se teña reducido en 79.700 persoas dende que empezou a gobernar?
4. Como pode explicar a Xunta de Galicia que o numero de fogares con todos os seus membros en paro aumente o 65% dende que empezou a gobernar, chegando xa aos 75.000 fogares?
5. Como pode explicar a Xunta que a destrución de emprego en Galicia nas dúas ultimas lexislaturas sexa o 2,5 veces máis alto que a media do Estado?
6. Como pode explicar a Xunta que o desemprego medrara en Galicia seis veces máis que na media do Estado dende 2009?
7. Que explicación ten que o diferencial positivo na taxa de paro que tiña Galicia en 2009 en comparación coa media do Estado se reducise no 73%, pasando de 5,2 puntos en 2009 a tan só 1,4 puntos en 2017.



8. Como pode explicarse que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que máis emprego perdeu entre as 17 que conforman o estado español dende 2009 a 2017?
9. Como se pode explicar que sexamos a Comunidade que perdeu máis emprego industrial e máis emprego no sector primario entre as 17 CC.AA. do Estado?
10. Que explicación ten que Galicia encabece o triste ranking de aumento do desemprego entre as 17 Comunidades Autónomas, so por detrás de Estremadura?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 16:52
Nº Rexistro: 9766
Data envío: 31/05/2017 16:52:34.184

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 31/05/2017 16:51:35

Antón Sánchez García na data 31/05/2017 16:51:46

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 10360 (10/POPX-000040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a asunción de responsabilidades polo esnaquizamento do sistema financeiro galego



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 10360
Data envío: 12/06/2017 16:10:51.133

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Ten previsto asumir a súa responsabilidade polo esnaquizamento do sistema financeiro galego?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2017 16:05:46

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 10367(10/POPX-000041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a política do Goberno galego de atención aos maiores



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 17:28
Nº Rexistro: 10367
Data envío: 12/06/2017 17:28:00.008



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sr. presidente, está vostede satisfeito da política de atención aos maiores dos seus gobernos?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2017 16:33:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 10388 (10/POPX-000042)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a actitude do Goberno galego respecto da protección dos
pequenos aforradores



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10388
Data envío: 12/06/2017 18:26:04.756



Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Villares Naveira, voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Vai o Sr Feijoo manter a mesma actitude na protección dos pequenos aforradores galegos que diante do desmantelamento do noso sistema financeiro?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 12/06/2017 18:18:14

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 10376 (10/PUP-000093)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego da recente viaxe a China
do presidente da Xunta de Galicia



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 17:47
Nº Rexistro: 10376
Data envío: 12/06/2017 17:47:52.227

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Moisés Blanco Paradelo, Alberto Pazos Couñago, Isabel Novo Fariña, María Antón Vilasánchez, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polo interese en que este Parlamento teña canto antes a información de primeira man sobre a viaxe que se se está a producir nestes intreos a China.

O pasado 11 de xuño, o Presidente Feijóo iniciou a que foi a primeira viaxe institucional dun Presidente da Xunta de Galicia a China acompañado do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e a Directora da Axencia de Turismo de Galicia, así como dunha delegación de persoas do mundo empresarial galego.

A viaxe ten, en consecuencia, un claro obxectivo económico e de apertura de mercados e oportunidades entre o país chinés e Galicia. Nese sentido, a axenda da visita prevé encontros con autoridades locais, asociacións empresariais ou con empresas que, ou ben xa teñen investimentos en Galicia ou ben son potenciais investidoras, así como importadores para os produtos galegos.

Sectores importantes da economía galega como o alimentario, o industrial ou o turístico poden obter un significativo impacto positivo como resultado dos contactos que se inicien nesta viaxe.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que avaliación realiza o Goberno galego da recente viaxe a China do Presidente da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela 12 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/06/2017 17:45:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 17:47
Nº Rexistro: 10376
Data envío: 12/06/2017 17:47:52.227**

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/06/2017 17:45:48

Moisés Blanco Paradelo na data 12/06/2017 17:46:06

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2017 17:46:15

María Isabel Novo Fariña na data 12/06/2017 17:46:31

Maria Antón Vilasánchez na data 12/06/2017 17:46:45

Marta Novoa Iglesias na data 12/06/2017 17:46:52

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/06/2017 17:46:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 10386 (10/PUP-000094)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a ausencia de representantes da Xunta de Galicia no congreso organizado polo Eixo Atlántico en Braga os pasados días 8 e 9 de xuño

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan Jose Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vazquez Verao, integrantes do grupo parlamentar de En Marea , ao abeiro do recollido no Artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA urxente para a súa resposta oral en Pleno, relativa ao Eixo Atlántico.

Xustificación da Urxencia.

Os pasados 8 e 9 de xuño, celebrouse en Braga o congreso do Eixo Atlántico “A Agenda Urbana a Debate”, debatéronse cuestións de enorme importancia para conxunto da Euro rexión que serán recollidas en documentos estratéxicos que identifican as apostas concretas en cada un dos ámbitos de actuación.

Falamos polo tanto de desafíos de enorme importancia para o país, que van dende a colaboración económica e industrial, a necesaria política conxunta de infraestruturas ou o desenvolvemento do que é xa a terceira rexión da península en termos sociais e económicos.

Todos estes debates producíronse sen a presenza do goberno Galego, e os propios medios dos organizadores destas xornadas destacan de forma literal nas súas canles de comunicación esta ausencia “En este sentido chamou especialmente a atención a ausencia de representantes de la Xunta de Galicia “, feito dificilmente explicable cando estamos a falar e de cuestións fundamentais para Galicia como:



Os problemas de mobilidade da euro-rexión, os déficits da rede ferroviaria, a coordinación entre portos e aeroportos ou as políticas industrias que hoxe presenta unha asimétrica ocupación dos chans produtivos.

Parece que estes temas non son de interese do goberno Galego, pero si o foron para o primeiro ministro Luso, que si participou do acto.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urgente:

Como Explica o Goberno galego a súa ausencia no congreso organizado polo Eixo Atlántico en Braga o pasado día 8 e 9 de xuño ?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 12/06/2017 18:20:35

José Manuel Lago Peñas na data 12/06/2017 18:20:40

Paula Vázquez Verao na data 12/06/2017 18:20:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/06/2017 18:20:50

Juan José Merlo Lorenzo na data 12/06/2017 18:20:54

Carmen Santos Queiruga na data 12/06/2017 18:20:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 18:22
Nº Rexistro: 10386
Data envío: 12/06/2017 18:22:31.206



Antón Sánchez García na data 12/06/2017 18:21:00

Eva Solla Fernández na data 12/06/2017 18:21:04

Luca Chao Pérez na data 12/06/2017 18:21:07

Paula Quinteiro Araújo na data 12/06/2017 18:21:10

Magdalena Barahona Martín na data 12/06/2017 18:21:14

Francisco Casal Vidal na data 12/06/2017 18:21:53

David Rodríguez Estévez na data 12/06/2017 18:21:57

Marcos Cal Ogando na data 12/06/2017 18:22:01

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 4312(10/POP-000542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación da súa política fiscal en relación coa produción de enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:04
Nº Rexistro: 4312
Data envío: 31/01/2017 13:04:12.388

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao incremento da factura de luz dos galegos e galegas por obrigar o goberno central a cargar o canon eólico e ás actuacións que ten pensado impulsar o goberno galego.

A Lei do sector eléctrico en vigor dende 1997 abría a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa nova Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, que contemplaba no punto 4 do artigo 16 que “en caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos estatais, á peaxe de acceso poderá engadírselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recargo e que deberá ser abonado polos consumidores localizados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma”.

O BNG, na emenda á totalidade a este proxecto de lei do sector eléctrico xa alertaba desta cuestión, sinalando que “é un proxecto de Lei claramente centralista que non contempla as diferentes achegas ao sistema eléctrico desde o ámbito territorial e que impide a comunidades autónomas excedentarias como a galega o desenvolvemento dunha política enerxética propia.” E recalcábamos que abríase a porta “a que as Comunidades Autónomas con impostos propios á actividade de subministro eléctrico,



como en Galiza, paguen un suplemento territorial; esta medida discrimina negativamente ás Comunidades que soportan as instalacións de xeración, o que implica que as comunidades que teñen que soportar os custos sociais e medioambientais da xeración eléctrica, no canto de verse recompensadas, vense prexudicadas dobremente”.

Estes suplementos territoriais non entraron en vigor coa implantación da lei, polo que Gas Natural Fenosa recorreu ante o Supremo, que ven de darlle a razón, o que implica a incorporación inmediata destes suplementos.

Polo tanto, trátase dunha clara discriminación dos consumidores galegos, que non so teñen que ver como non obteñen ningún beneficio por vivir nun territorio excedentario na produción eléctrica, senón que se ven penalizados por ese feito. Ademais, este “suplemento” pon de manifesto a falacia de que existe unha tarifa unificada para todo o Estado. As galegas e galegos pagaremos máis que os territorios que non producen electricidade. Dende o BNG cremos que debe existir un prezo da electricidade asociado á situación de territorio excedentario ou deficitario, de cara a que, no caso de tratarse dun territorio excedentario, repercuta positivamente na economía dese territorio e asuma así algún beneficio en compensación das externalidades negativas que produce o sector eléctrico.

O canon que a Xunta cobra á eólica estímase que no 2017 terá unha recadación de 22,9 millóns de euros. Segundo as cifras que manexa a CNMC sobre o número de clientes do servizo eléctrico que hai na comunidade, ao redor de 1,7 millóns, supón que a cada un dos consumidores galegos tocaríalle abonar case 13 euros anuais de media. En Galiza existe tamén o canon hidráulico e a ecotaxa, que pagan as empresas eléctricas á Xunta, e que, teoricamente, tamén poderían sumarse a ese hipotético suplemento territorial a pagar polos galegos/as.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:04
Nº Rexistro: 4312
Data envío: 31/01/2017 13:04:12.388

Para rematar, cómpre sinalar como a aplicación destes suplementos nos amosa o errado do modelo eólico deseñado pola Xunta de Galiza de Feijóo, xa que o canon eólico é un tributo que penaliza a enerxía eólica, o que supuxo no momento da súa implantación un claro paradoxo, ao existir tamén axudas á produción en forma de primas ou tarifas reguladas. Non se pode “primar”, e dicir, incentiva, e ao mesmo tempo “gravar”, isto é, “desincentivar” a mesma actividade económica. Polo tanto, a xunta renunciou á participación pública do Goberno Galego nos proxectos eólicos e a cambio impulsou un canon que vai ter que ser pagado polos consumidores, o cal trátase doutro claro exemplo do fracaso da política eólica de Feijóo.

Por todo isto, fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai modificar a Xunta de Galiza a súa política fiscal en relación á produción de enerxía?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:04
Nº Rexistro: 4312
Data envío: 31/01/2017 13:04:12.388

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2017 12:56:43

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2017 12:56:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2017 12:56:54

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2017 12:56:58

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2017 12:57:00

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2017 12:57:05

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 8877(10/POP-001147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 4 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co estado de contaminación que presenta o río Pesqueiras, ao seu paso polo concello do Saviñao, como consecuencia das verteduras dunha central láctea nas súas augas

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre a contaminación do río Pesqueiras ao seu paso polo Concello de O Saviñao.

O río Pesqueiras é un afluente do Miño que pasa pegado á central láctea de CELEGA, para continuar uns 5 quilómetros despois ata o lugar de Pesqueiras e, dende alí, iniciar o pronunciado descenso ata a desembocadura no Miño, xusto na base da presa de Belesar.

En febreiro do ano 2016, recibíronse multitude de queixas polo alarmante estado das augas que baixaban espumosas e malolentes pese a gran cantidade de choiva caída.

Desde esa data os verquidos son diarios e continuados no tempo, sen periodos de descanso.

Tamén se comprobou o fedorento olor das augas ao paso do río baixo a estrada e corredor rápido, á altura do desvío ao lugar de Vilamor e da confluencia do rego Saviñao, unhos dous quilómetros e medio máis abaixo da central.

Esta central láctea CELEGA xa recibiu varias denuncias medioambientais, pero parece que é máis rendible o pago das multas administrativas que a solución definitiva do problema . De feito, no ano 2016 foi denunciada por tres entidades diferentes, e a día de hoxe aínda non se tomou medida correctora nin sancionadora por parte das distintas administracións. Dende En Marea só



pretendemos que a empresa inverta unha pequena porcentaxe dos seus beneficios na reposición das condicións naturais do río Pesqueiras.

A empresa CELEGA orixinaria adicábase á produción de queixo e xa daquela fora sancionada por Medio Ambiente. Actualmente, despois da súa venda, é unha planta de almacenamento de leite onde conflúen unha gran cantidade de camións cisterna antes de ser transportada ata Toledo. Considérase que a causa fundamental da contaminación sostida e permanente é a grande cantidade de cisternas dos camións que son lavadas con produtos químicos (ácidos e cáusticos) que logo son verquidos ao río sen a corrección necesaria, dada a falta de capacidade da vella depuradora.

O río Pesqueiras, pese a recibir a auga da depuradora de Escairón, baixa nun aceptable estado ata que se achega á central láctea de CELEGA, nas que se aprecia a vexetación ripícola habitual.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galicia, coñecedora do estado de contaminación do río Pesqueiras, por mor dos vertidos que a empresa CELEGA está a tirar no cauce deste?

Santiago de Compostela, a 10 de maio de 2107.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luis Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Antón Sánchez García



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2017 16:53
Nº Rexistro: 8877
Data envío: 10/05/2017 16:53:27.477



Marcos Cal Ogando

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 10/05/2017 16:40:02

Luis Villares Naveira na data 10/05/2017 16:40:17

Paula Vázquez Verao na data 10/05/2017 16:40:24

Antón Sánchez García na data 10/05/2017 16:40:27

Marcos Cal Ogando na data 10/05/2017 16:40:36

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 8754 (10/POP-001135)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos

Sobre as medidas desenvolvidas polo Goberno galego en
relación coa problemática referida á cementeira de Narón e o
cumprimento da legalidade vixente

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e **Marcos Cal Ogando**, deputada e deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao cumprimento da legalidade no que atinxe á cementeira de Castro en Narón.

No ano 2013 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estimaba o recurso interposto pola Asociación de Veciños-Os Cruceiros sobre a ilegalidade na instalación e funcionamento da cementeira de Narón, sentenza que veu a ratificar o propio Tribunal Supremo en 2015, deixando sen efecto a autorización ambiental outorgada no seu día polo departamento da Xunta de Galicia.

O proceso xudicial foi iniciado pola Asociación de Veciños, ante o silencio administrativo da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental que outorgara autorización ambiental integrada e formulara declaración de impacto ambiental respecto das instalacións, almacenamento e expedición de cemento proxectada pola empresa cementeira en Castro.

Ditas sentenzas, traen conta dunha loita por parte da Asociación de veciños, que levou a que xa no ano 2009 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia se pronunciase en contra da aprobación do Plan de Sectorización por parte da Administración local e que veu a substituír o uso residencial da zona por un uso industrial exclusivo considerando, o TSXG no 2009 e o Tribunal Supremo no 2012, unha vulneración do principio de xerarquía normativa ao pretender modificar un Plan Xeral cun Plan de Sectorización.



Con todo, a día de hoxe, dita empresa está en funcionamento de xeito ilegal e non temos constancia de que a Xunta levase a cabo rectificación da decisión tomada no seu día, restaurado o dano feito en cumprimento da legalidade, tal e como prometera a Conselleira na pasada Lexislatura.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cales son as medidas que levou a cabo a Consellería, tal e como se comprometera a Conselleira, en relación á problemática coa cementeira de Narón e o cumprimento da legalidade?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/05/2017 12:41:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 12:43
Nº Rexistro: 8754
Data envío: 08/05/2017 12:43:11.638



Marcos Cal Ogando na data 08/05/2017 12:41:25

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 10359(10/PUP-000090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la
Concepción

Sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria da participación e resultados das
probos de avaliación individualizada do terceiro curso de
educación primaria

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola incerteza que sobre a organización do próximo curso terán os resultados desta avaliación.

A Resolución do 25 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2016/17, publicada no DOG do 5 de maio de 2017, regula a aplicación dunha das avaliacións previstas na LOMCE, concretamente no artigo 20.3, coa finalidade de comprobar o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

Aínda que está claramente establecido que esta avaliación ten carácter informativo e orientador para os alumnos e alumnas e familias, equipos docentes, centros e para a Administración educativa, non é menos certo que teñen concitado o rexeitamento de amplos sectores da comunidade educativa, xa que son consecuencia dunha lei fortemente contestada.

Tanto é así que a propia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publica na súa páxina web que a participación do alumnado foi do 60 % (20 % no caso do ensino público segundo outras fontes), cando esta avaliación ten carácter censual, é dicir, realízase en todos os centros.

Entre outras consecuencias, os resultados desta avaliación permiten detectar desviacións e dotar os centros, a través dos contratos programa, de docentes de apoio externo (114 segundo a propia Consellería neste curso 2016/2017) o que constitúe un importante avance.

Non obstante, o feito de que a participación fose do 60 % desvirtúa a validez dos resultados xa que non permite, cando menos á Administración educativa, obter datos fiables sobre as finalidades previstas na avaliación.

Por outro lado, e con carácter xeral, as probas deberán ser corrixiadas e gravadas por mestres e mestras do centro que impartan en educación primaria as áreas de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, ou matemáticas, pero que non impartan docencia aos alumnos e alumnas avaliados, atribuíndolle a Resolución citada a competencia para seleccionar a outros mestres e mestras cando o anterior non sexa posible, á comisión de coordinación de avaliación do centro.

Segundo se ten trasladado a este grupo parlamentario, o anterior está a xerar problemas de aplicación nos centros que se traducen en dificultades para acadar a participación de docentes na corrección das probas.

Ante as situacións expostas o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que o nivel de participación nas probas de avaliación individualizada do terceiro curso de educación, permite obter resultados válidos sobre os obxectivos previstos nesas probas?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2017

Asdo.: Luis Manuel Alvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 10359
Data envío: 12/06/2017 14:20:03.892



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 12/06/2017 14:19:31

Mar3a de la Concepci3n Burgo L3pez na data 12/06/2017 14:19:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 10373 (10/PUP-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro, situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña, para adicalo a museo como estaba previsto



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 17:38
Nº Rexistro: 10373
Data envío: 12/06/2017 17:38:35.704

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven dada pola alarma social xerada polo incendio que arrasou o estaleiro de ribeira de Casqueiro situado no concello de Moaña.

Exposición de motivos

Na madrugada do pasado sábado 10 de xuño, un incendio, do que hai fortes indicios de que puido ser provocado, arrasou o estaleiro de carpintería de ribeira, situado na parroquia de San Martiño no concello de Moaña.

Este estaleiro tiña un importante valor, sendo un dos exemplos mellor conservados a nivel etnográfico e de patrimonio na carpintería de ribeira de Galiza. Proba disto é a *“resolución do 23 de decembro de 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se propón a incoación do procedemento de inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, do conxunto dos estaleiros de Casqueiro-Calragho, sitos na parroquia de San Martiño de Moaña, no termo municipal de Moaña”*.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 17:38
Nº Rexistro: 10373
Data envío: 12/06/2017 17:38:35.704

Así esmo este pasado venres 9 de xuño o Diario Oficial de Galiza publicou a Resolución do 29 de maio de 2017, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira. Nesta resolución no punto primeiro establece acordar “Incoar o procedemento para incluír no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia como ben inmovible coa categoría de lugar de valor etnolóxico, o conxunto dos estaleiros de Casqueiro e Calragho sitos na parroquia de San Martiño de Moaña no termo municipal de Moaña (Pontevedra), consonte á descrición e nivel de protección que figura no anexo I; os condicionantes e o contorno de protección recollidos no anexo II e a delimitación gráfica contida no anexo III”.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Vai implicarse o Goberno galego na reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro, situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña, para adicalo a museo como estaba previsto?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 17:38
Nº Rexistro: 10373
Data envío: 12/06/2017 17:38:35.704

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2017 17:38:06

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 7951(10/POP-001033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o novo equipamento tecnolóxico para diagnóstico e
procedementos terapéuticos instalado nos centros
hospitalarios do Sergas a través do socio tecnolóxico

Publicación da iniciativa, 106, 27.04.2017

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No mes de xaneiro do pasado ano 2015, o Consello da Xunta de Galicia aprobou un investimento de 88 millóns de euros para a contratación polo Servizo Galego de Saúde de alta tecnoloxía para atender á cidadanía galega.

O contrato cubriría as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia, é dicir todo o denominado “alta tecnoloxía, no SERGAS.

Este contrato inclúe a dotación de equipamento en todos os centros hospitalarios do Sergas.

O obxectivo deste expediente de contratación é renovar a alta tecnoloxía, aumentar a calidade asistencial dos centros sanitarios, mellorar a dispoñibilidade dos citados equipamentos e mellorar a eficiencia da demanda de realización de probas diagnósticas e procedementos terapéuticos para os que sexa preciso utilizar estas tecnoloxías, tendo dese xeito a cidadanía galega acceso aos últimos avances neste senso.

Unha vez transcorridos dous anos dende o acordo do Goberno Galego, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Qué novo equipamento tecnolóxico para diagnóstico e procedementos terapéuticos se ten instalado nos centros hospitalarios do SERGAS a través do socio tecnolóxico?



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2017 10:18
Nº Rexistro: 7951
Data envío: 17/04/2017 10:18:44.462

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/04/2017 10:15:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/04/2017 10:15:54

María Ángeles García Míguez na data 17/04/2017 10:16:00

Marta Rodríguez Arias na data 17/04/2017 10:16:06

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/04/2017 10:16:13

María Soraya Salorio Porral na data 17/04/2017 10:16:22

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/04/2017 10:16:29

Raquel Arias Rodríguez na data 17/04/2017 10:16:36

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/04/2017 10:16:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 5431(10/POP-000704)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a relación e o contido dos proxectos máis importantes do Centro Tecnolóxico do Mar nos últimos anos

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M^a Angeles García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

Co obxectivo de fomentar e executar accións para unha conservación e aproveitamento sostible do noso medio mariño e dos seus recursos, naceu fai 15 anos o Centro Tecnolóxico do Mar, ubicado na cidade de Vigo.

Ao longo destes anos son innumerables as actividades que este centro desenvolveu no ámbito da investigación, innovación tecnolóxica, así como nos da formación e a cooperación internacional.

O Centro Tecnolóxico do Mar participou en varios centos de iniciativas europeas, nacionais e autonómicas, xestionando e coordinando proxectos de I+D+I e de cooperación internacional; realizando servizos e estudos técnicos, económicos e sociais; deseñando e implementando actividades de formación e difusión, e poñendo en marcha e participando en redes e plataformas de investigación.

Pero entre todas estas iniciativas, podemos destacar os proxectos ARCOPOL, de loita contra a contaminación mariña, ou de xestión de residuos no mar, de valorización dos subprodutos, ou no ámbito da innovación tecnolóxica, o proxecto RAIA a través do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.

Conscientes do importante papel que está a desenvolver este centro dependente da Consellería do Mar, que ademais é o único existente en España, o cal é un privilexio poder contar con él na nosa comunidade, e



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5431
Data envío: 20/02/2017 18:49:08.846**

que ademais realiza un importante asesoramento científico para sumar argumentos aos intereses nacionais en materia pesqueira, os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

Cales son os proxectos máis importantes do CETMAR nos últimos anos e en que consistiron?

Santiago de Compostela, 20 de Febreiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 20/02/2017 18:41:14

Teresa Egerique Mosquera na data 20/02/2017 18:41:38

María Ángeles Garcia Míguez na data 20/02/2017 18:42:06

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/02/2017 18:42:14

Alberto Pazos Couñago na data 20/02/2017 18:42:24

Marta Rodriguez Arias na data 20/02/2017 18:42:48

Daniel Vega Pérez na data 20/02/2017 18:43:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.06.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.10 8823 (10/POP-001142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a execución das actuacións necesarias para rexenerar e mellorar a produtividade marisqueira da zona dos Lombos do Ulla, na ría de Arousa

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A ría de Arousa resulta de importancia capital para o sector marisqueiro de Galicia, pola súa alta produtividade e, por tanto, a repercusión que a actividade do sector ten para esa comarca e para o resto de Galicia de maneira indirecta.

Dentro da ría, a zona dos Lombos do Ulla supón un espazo determinante para desenvolvemento de toda a actividade extractiva. Coa chegada das épocas de libre marisqueo, este espazo dos lombos vese ategado de embarcacións que traballan á procura de produto. Non entanto, o mantemento da zona a través de tarefas de rexeneración, e a planificación sobre os tempos do libre marisqueo, supoñen unha das demandas máis importantes de traballadores/as e confrarías.

A meirande parte dos patróns maiores da ría veñen demandando nos últimos tempos algunhas medidas que contribúan a mellorar a produtividade da zona. De xeito específico, existe a proposta de recuperar os antigos canais que existían nos Lombos do Ulla, para así poder navegar baixamares, retirando area que existe en grandes cantidades agora mesmo e impide o paso das embarcacións.

Tanto a falta de planificación sobre os tempos do libre marisqueo como o retraso nas tarefas de rexeneración e retirada de area impiden un traballo efectivo e produtivo nos lombos, o que provoca tanto unha moi baixa ou nula produtividade para os/as mariscadores/as, como a tendencia de moitas das embarcacións a desprazarse ás zonas de Bohido e Cabío, provocando tamén saturacións nestes lugares.

Os orzamentos de 2017 non avanzaron ningunha partida específica para unha intervención que os patróns maiores, en nome do sector, demandan



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

insistentemente. O Grupo Parlamentario Socialista presentou emenda específica aos orzamentos da Consellería de Mar para solicitar a rexeneración deste lugar, pero foi rexeitada polo Partido Popular. De maneira continuada os patróns maiores da ría veñen solicitando xuntanzas con representantes da Consellería do Mar, sendo estas demoradas ou non respondidas, o que produce inxenuidade e malestar no sector.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai realizar as intervencións necesarias a Xunta de Galicia sobre a zona dos Lombos do Ulla, como lle veñen solicitando as confrarías de pescadores, e como foi proposto polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, para contribuír á rexeneración do lugar e á mellora da produtividade para o sector marisqueiro?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/05/2017 14:09:20

María Dolores Toja Suárez na data 09/05/2017 14:09:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 14:09:33

Raúl Fernández Fernández na data 09/05/2017 14:09:40

María Luisa Pierres López na data 09/05/2017 14:09:46